



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Teoría da Arquitectura	Código	630G01025	
Titulación	Grao en Arquitectura			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Composición			
Coordinación	Agrasar Quiroga, Fernando	Correo electrónico	fernando.agrasar@udc.es	
Profesorado	Agrasar Quiroga, Fernando Paz Agras, Mari Luz Pérez Sanchez, Yolanda	Correo electrónico	fernando.agrasar@udc.es luz.paz.agras@udc.es yolanda.perez@udc.es	
Web	http://etsa.udc.es/web/			
Descrición xeral	A asignatura de Teoría da Arquitectura aborda a comprensión do proceso proxectual e a obra construída desde o ideario arquitectónico. A reflexión teórica selecciona posibilidades, dirixe intencións e conforma o edificado. A aprendizaxe da arquitectura a través da exemplaridade da obra, só é posible se se comprende o soporte teórico da mesma, contextualizándoo e léndoo desde a contemporaneidade.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A9	CRÍTICA ARQUITECTÓNICA: aptitude ou capacidade para analizar morfolóxica e tipoloxicamente a arquitectura e a cidade e para explicar os precedentes formais e programáticos das solucións proxectuais.
A36	SOCIOLOXÍA CULTURAL: comprensión ou coñecemento das implicacións que nas funcións e responsabilidades sociais do arquitecto ten as necesidades, valores, normas de conduta e de organización e patróns espaciais e simbólicos determinados pola pertenza a unha cultura.
A41	BASES ARTÍSTICAS: comprensión ou coñecemento da estética e a teoría das artes e da produción pasada e presente das belas artes e as artes aplicadas susceptibles de influír nas concepcións arquitectónicas, urbanísticas e paisaxísticas.
A42	TEORÍA XERAL DA ARQUITECTURA: comprensión ou coñecemento das teorías da arquitectura pasadas e presentes, especialmente as relativas á interdependencia de formas, usos e técnicas, á estrutura formal, ao estudo dos tipos e aos métodos de composición de edificios e espazos abertos.
A43	HISTORIA XERAL DA ARQUITECTURA: comprensión ou coñecemento da historia xeral da arquitectura, tanto en si mesma como na súa relación coas artes, as técnicas, as ciencias humanas, a historia do pensamento e os fenómenos urbanos.
A44	BASES DA ARQUITECTURA OCCIDENTAL: comprensión ou coñecemento das tradicións arquitectónicas, urbanísticas e paisaxísticas da cultura occidental e dos seus fundamentos técnicos, climáticos, económicos, sociais e ideolóxicos.
A45	BASES DA ARQUITECTURA NATIVA: comprensión ou coñecemento das tradicións arquitectónicas, urbanísticas e paisaxísticas de carácter nacional, local e vernáculo e dos seus fundamentos técnicos, climáticos, económicos, sociais e ideolóxicos.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B8	Visión espacial.
B9	Creatividade.
B10	Sensibilidade estética.
B11	Capacidade de análise e síntese.
B18	Razoamento crítico.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.



C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias do título	
		A9	B1
		A36	B3
		A41	B5
		A42	B6
		A43	B8
		A44	B9
		A45	B10
			B11
			B18

Contidos	
Temas	Subtemas
PARTE I [Introducción]	As orixes do pensamento arquitectónico: tratadística clásica A arquitectura codificada: arquitectura e cultura Orixes e evolución: a cabaña primitiva, de Vitruvio a Laugier As formas da técnica: materia, construción e pensamento As formas da beleza: arte, estética e pensamento
PARTE II. TÉCNICA A MODERNIDADE	A ruptura do legado clásico: Arts&Crafts, Viollet-le-Duc, os modernismos e o primeiro Frank Lloyd Wright Industria e arquitectura. O problema da estandarización: de Paxton á DeutscherWerkbund Mecanización e arquitectura: Chicago School Mies van der Rohe e a técnica trascendida
PARTE III. ARTE E MODERNIDADE	Os dous camiños vieneses: Hoffmann e Loos As vangardas e as súas consecuencias: Bauhaus, Neoplasticismo e Constructivismo Le Corbusier: arte e técnica
PARTE IV. CARA O NOSO PRESENTE: A CRISE DA MODERNIDADE	As outras modernidades: a interpretación nórdica, italiana e española Da contención á exaltación formal: Rudolf Schindler Novos enfoques metodolóxicos: o Estructuralismo As dinámicas sociais trala II Guerra Mundial: O último Mies e os Smithsons
PARTE V [Conclusións]	Pensamento arquitectónico e contemporaneidade Da teoría situacionista á arquitectura do espectáculo Novos enfoques trala crise de 2007: responsabilidade social e conciencia medioambiental

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais



Traballos tutelados	B1 B3 B5 B6 B9 B10 B11	15	45	60
Proba mixta	A36 A41 B8 B18 C1 C4 C8	3	42	45
Sesión maxistral	A9 A42 A43 A44 A45 C6 C7	42	0	42
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	<p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.</p>
Proba mixta	<p>Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas.</p> <p>En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.</p>
Sesión maxistral	<p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóse reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Os traballos consistirán en análises prácticos nos que se vinculen textos e ideas, incluídos no temario, con obras arquitectónicas concretas. Os grupos de traballo serán de tres alumnos, asignados polo profesor.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	B1 B3 B5 B6 B9 B10 B11	Os traballos, realizados en grupo, terán unha cualificación máxima de 2 puntos. Será preciso ter entregado os traballos para superar a asignatura.	20
Proba mixta	A36 A41 B8 B18 C1 C4 C8	Un exame ao final do cuatrimestre, referido á totalidade de todos os contidos do curso. A este exame corresponderá un 80% da cualificación final. No mesmo, é preciso acadar unha cualificación de 4 (sobre un máximo de 10) para poder superar a asignatura e poder facer media cos traballos.	80

Observacións avaliación
A asistencia regular a clase será necesaria para realizar a proba mixta e o traballo tutelado

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- AGRASAR, Fernando (2008). Introducción al conocimiento de la arquitectura . A Coruña: COAG- CURTIS, William (2006). Modern Architecture from 1900. Londres, Nueva York: PHAIDON- KRUFTH, Hanno-Walter (1990). History of Theory of Architecture. Madrid: Alianza Forma <p>A bibliografía xeral é corta e substancial, a través da cal o alumno completará o estudo dos temas expostos na clase.</p>
Bibliografía complementaria	A bibliografía específica está disponible en Moodle e organizada por temas.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introdución á Arquitectura/630G01005

Historia da Arte/630G01015

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Teoría da Composición e Patrimonio/630G01055

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías